

## **CURSO DE INTERPRETACIÓN DE FAGOT**

### **“O FAGOT NA ORQUESTRA”**

*Unha aproximación á función do instrumento  
nesta agrupación.*



**Manuel Veiga Martínez**

*22 de abril*

## Manuel Veiga Martínez

Nacido na Coruña, comezou os seus estudos de fagot no ano 1995 con Guezim Malaj, primeiro fagot da Banda Municipal da Coruña, e posteriormente no Conservatorio Superior de Música da Coruña con Emilio Ubach e Lluís Domínguez. Foi membro da Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, da Nova Orquestra Nacional de España (JONDE), e da Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, onde estudou durante catro anos con Juan Carlos Otero.

Posteriormente realizou estudos superiores no Conservatorio Superior de Música do País Vasco (Musikene) cos mestres David Tomás Realp, Edurne Santos, Vicente Alario e Midori Kitagawa. Desde o inicio dos seus estudos musicais recibe unha ampla formación en música de cámara e orquestral, coa influencia, ao longo de toda a súa carreira, de importantes músicos e mestres tales como Francisco Alonso, Andreas Suen, Eduardo Martínez, Steve Harriswangler, Gabor Mezzaros ou Vincenzo Menghini, entre moitos. Colaborou coas orquestras máis destacadas de España e foi convidado en múltiples ocasións para realizar cursos de especialización de fagot, master clases e recitais como solista.

É fagot copríncipal da Real Filharmonía de Galicia desde o ano 2004, orquestra coa que participou de solista, ademais de traballar con moitos dos mellores directores e solistas do momento. Ao longo destes anos realizou numerosos proxectos didácticos e de cámara tanto dentro como fóra da orquestra, e compaxina o seu traballo orquestral coa actividade docente que leva a cabo como profesor da Escola de Altos Estudos Musicais.

## Programa do Curso

**LUGAR:** CMUS OURENSE

**DATAS:** 22 de abril de 2023

**HORARIO:** 10:00 a 14:00 e 16:00 a 20:00

### **DEREITOS DE MATRÍCULA:**

- Alumno/as activos do Centro: 40€
- Alumno/as activos externos ao Centro: 50€
- Alumnos/as oíntes: 20€

### **OBXECTIVOS:**

- Coñecer as particularidades básicas da sección de fagotes nesta agrupación.
- Coñecer as regras fundamentais da afinación e do empaste sonoro.
- Identificar os roles de solista e acompañamento.
- Reaccionar ás indicacións do director.
- Coñecer repertorio de orquestra onde o fagot teña importancia.

### **CONTIDOS:**

- Presentación e explicación da configuración da orquestra.
- Nocións básicas sobre a emisión e proxección do son.
- Nocións básicas sobre afinación.
- Traballo de conxunto sobre repertorio adaptado.

As inscricións abonaranse en **ABANCA**,

**IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.**

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día 14 de abril de 2023

**A todos os alumnos participantes no curso entregaráse, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.**

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de Interpretación de \_\_\_\_\_

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

CP e Poboación \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_ E-mail \_\_\_\_\_

Nivel de estudos:  G.E.  G.P.  G.S.

Centro de estudos \_\_\_\_\_

- Alumnado activo do centro G.E.
- Alumnado activo do centro G.P.
- Alumnado activo externo.
- Alumnado oínte.

Data de inscrición \_\_\_\_\_

Sinatura \_\_\_\_\_